

INTOLERANCIA

[D.W. Griffith, 1916]

148

ÚNICO PASE EN NUMAX: 07.09.2016 | 21.45H | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

Intolerance: Love's Struggle Throughout the Ages (1916, 168')

Dirección: D.W. Griffith

Guión: D.W. Griffith

Reparto: Lillian Gish, Mae Marsh, Robert Harron, Constance Talmadge, Miriam Cooper, Alfred Paget, Walter Long, Seena Owen, Elmo Lincoln, Bessie Love

Montaxe: D.W. Griffith, James Smith, Rose Smith

Dirección de arte: Walter L. Hall

Vestuario: D.W. Griffith, Clare West

Fotografía: Billy Bitzer

Produtora: The Triangle Film Corporation / Wark Producing Corporation (Estados Unidos)

Distribuidora: A Contracorriente films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.33:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS

Seleccionado pola Biblioteca do Congreso dos EEUU

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Abraham Lincoln, 1930

América, 1924

Isn't Life Wonderful, 1924

Las dos tormentas, 1920

La culpa ajena, 1919

El nacimiento de una nación, 1915

El valor del trigo, 1909 [curtametraxe]

«Un dos títulos máis influentes de todos os tempos grazas ao uso da montaxe paralela e á mobilidade de grandes masas dentro do encadre. Imprescindíbel»

Ricardo Pérez Quiñones.
ESCULPIENDO EL TIEMPO

SINOPSE

Cando se cumpren 100 anos da estrea da obra de D. W. Griffith recuperamos este clásico do cinema mudo que mostra a través de varios episodios históricos as inxustizas provocadas pola intolerancia relixiosa e social. A idea inicial de Griffith era narrar as sanguentas folgas de 1912 en EEUU, na que un folguista foi acusado da morte do seu patrón, pero despois decidiu rodar tres episodios máis: *A caída de Babilonia*, *A paixón de Cristo* e *A noite de San Bartolomé*.



INTOLERANCIA

[D.W. Griffith, 1916]

“Nunca antes se filmou algo así, nin nunca despois se volveu facer”

En 1916 David Wark Griffith asinou o seu novo exceso cinematográfico, *Intolerancia*, acadando maiores cotas de perfección que na anterior *El nacimiento de una nación*. De xeito menos explícito profundiza nos conceptos xa expostos no filme precedente, empregando para iso unha cuádrupla narración, a xustaposición de catro historias situadas en momentos históricos diferentes (a vida de Xesús de Nazaret, a caída de Babilonia, a matanza dos hugonotes na noite de San Bartolomé e unha historia actual). O verdadeiramente revolucionario é que esas catro historias non se presentan en capítulos separados, ou con divisións claras, senón que se van entrecruzando como fíos argumentais paralelos e tematicamente relacionados entre si, achegando os sucesos acontecidos nun capítulo claves para predicir o que vai acontecer nos outros, ou amosando que en diferentes contextos históricos e culturais moitas veces as reaccións humanas son puramente instintivas, independentemente do grao cultural ou económico acadado por cada sociedade.

O complexo da estrutura e da mensaxe dificultou a aceptación do filme polo público, que de novo ante unha obra muda de tres horas víase incapacitado para aturala co que, nin sequera a nova montaxe de cada parte do argumento e as súas sucesivas estreas, serviu a Griffith para recuperar os case dous millóns de dólares que en 1916 gastou para levantar o proxecto.

Entre o que resulta verdadeiramente sobrecolledor do filme, ademais de adiantarse decenios a estruturas narrativas máis propias da cinematografía dos noventa, destacan as magníficas reconstrucións históricas, as impresionantes murallas, palacios, estatuas e rúas de Babilonia, por exemplo, entre os que se aloxaban a case tres mil extras nas escenas de asedio e os combates. *Intolerancia* achega as pegadas distintivas nas que se inspiraron todas e cada unha das fitas que, ambientadas na época antiga, procuraron dotarse de

recreacións escenográficas maxestosas e impactantes, desde clásicos do cinema relixioso como *Quo Vadis?* até o cinema historicista como *Cleopatra*, de Joseph L. Mankiewicz. Mais non só a historia que transcorre en Babilonia resulta espectacular, non lle vai á zaga a da Francia de Catalina de Médicis, inspiradora da matanza de hugonotes, cuxa riqueza de decorados e, sobre todo, de vestiarios, sentou as bases do que hoxe constitúe o cinema de época.

Tamén resulta revolucionario o guión, escrito case en exclusiva por Griffith, quen realizou constantes cambios a medida que avanzaba a produción, sendo de todo punto sorprendente que o resultado final non acusara esa continua improvisación. En canto á cuestión de fondo, a censura, a intolerancia, examínase a través a través do prisma do amor, ben a través da parella de Babilonia que se suicida para non caer en mans do inimigo, ben coa parella francesa, un católico e unha protestante, que sucumben á matanza sen piedade.

Verdadeiro exercicio do que é complexidade narrativa, guión elaborado, montaxe soberbia e minucioso e coidado deseño de planos, secuencias e tomas, o filme é unha paréntese na cinematografía: nunca antes se filmou algo así, nin nunca despois se volveu facer. Marcando xa o declive de Griffith como autor, o filme foi axiña esquecido nos Estados Unidos, e non foi senón o cinema soviético o que adaptou de Griffith todas esas grandes virtudes súas para dar vida a unha incipiente cinematografía que ía dar nos anos seguintes a verdadeira medida da xenialidad do seu potencial. Un cinema que produciu tres ou catro clásicos imperecedeiros e grazas a un doente do cinema, un apaixonado da filmación, da exploración de vías para a narración de historias que contribuíran a expandir o novo ideario ruso xurdido da revolución de 1917: Sergei Eisenstein.

Publicado en <https://39escalones.wordpress.com/>
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME